



Xacobeo 21·22

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE

Maio 2021

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de maio de 2021**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2020 e anteriores.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que xa pasou máis dun ano do inicio da pandemia e, por tanto, o mes de maio de 2020 e 2021 están condicionados polo efecto negativo da Covid19 con diversa intensidade. A situación é notablemente diferente pois compárase un mes de desescalada en Galicia –agora en 2021-, no que se eliminaron as restricións de viaxar entre as comunidades autónomas pero mantéñense certas restricións ao estranxeiro, e cunha apertura gradual e importante tanto da mobilidade interna como das actividades de hostalería e restauración- cun mes de peche practicamente xeneralizado -maio de 2020- no que se mantiña activo o primeiro estado de alarma, con confinamento domiciliario da poboación e peche de case toda a actividade turística.

Nese contexto o INE estima que neste mes abriron de media en Galicia preto de 2.800 establecementos de aloxamento turístico –dos pouco máis de 800 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron case 66 mil prazas –das preto de 12 mil do mes de maio de 2020-. Isto supón multiplicar por cinco a oferta dispoñible no pasado ano mais debido ás circunstancias da pandemia a comparativa ten un nesgo claro. O grado de recuperación da oferta previa á crise é aceptable por canto agora en maio estiveron dispoñibles case o 75% das prazas de 2019.

Neste contexto aprécianse poucas diferenzas entre segmentos. O nivel de recuperación é semellante en todos eles agás no caso dos apartamentos turísticos que practicamente están ao 95% da dispoñibilidade presentada en 2019.

Amósanse a continuación os principais resultados deste mes de maio de 2021.


MAIO 2021

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	128.121	-61,9%	222.605	-64,2%	1,74	-	22,92%	-20,09
PENSIÓNS	24.182	-72,9%	60.584	-57,7%	2,51	-	14,42%	-13,73
ESTAB. HOTELEIROS	152.302	-64,2%	283.188	-63,0%	1,86	3,3%	20,35%	-18,79
APTOS. TURÍSTICOS	8.125	-16,7%	20.226	-38,5%	2,49	-26,2%	14,89%	-8,07
CÁMPINGS	5.137	-38,6%	9.816	-41,7%	1,91	-5,0%	12,57%	-1,90
TURISMO RURAL	8.552	-63,5%	12.623	-64,9%	1,48	-3,8%	8,33%	-9,50
ESTAB. EXTRAHOTEL.	21.814	-47,5%	42.665	-50,2%	1,96	-5,1%	-	-
TOTAL	174.116	-62,7%	325.853	-61,7%	1,87	2,6%	-	-

- No pasado mes de maio deste ano 2021 Galicia rexistra algo máis de 174 mil viaxeiros aloxados e preto de 326 mil noites no conxunto dos aloxamentos turísticos regrados, cifras que multiplican por dez os datos do pasado ano mais fican por debaixo dos niveis de 2019. Neste sentido a nosa comunidade conseguiu recuperar preto do 40% da demanda previa á pandemia correspondente a este quinto mes –en maio de 2019 Galicia marcara xustamente un máximo da serie histórica con 852 mil noites-.
- É o segundo mes consecutivo no que se rexistra un comportamento positivo da demanda en termos interanuais se ben é certo que tanto en abril como agora en maio a comparativa faise cun ano de baixa ou nula actividade.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Maio 2012-21




- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 e 2021 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia, cunha perda moi acusada do 97% o pasado ano que se recupera parcialmente agora en 2021 rexistrando preto de 326 mil noites. En termos absolutos son 300 mil pernoctacións máis que no pasado ano pero medio millón menos das que había antes da crise.
- A medida que avanza este ano 2021 e se van recuperando certos niveis de normalidade na actividade turística o grao de recuperación dos volumes de demanda son cada vez maiores. Neste sentido maio xunto con marzo son os meses que máis se achegan ás cifras de 2019 –o volume de noites sitúase preto do 40% daquel ano- mentres que en xaneiro e febreiro a resiliencia situábase por encima do 20%.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda nas diferentes comunidades autónomas por canto todas elas superan con creces as cifras do pasado ano mais tamén todas elas fican por debaixo dos valores de 2019. As diferenzas radican na intensidade da caída e da recuperación. Neste sentido, os destinos insulares de Canarias e Baleares, xunto con Cataluña, son os que máis sufriron o impacto da pandemia e agora, en cambio, rexistran os incrementos máis notorios en relación ao pasado ano. O seu maior volume e peso, así como a

importancia que o turismo ten na súa economía, provocan que tanto o impacto negativo como a recuperación posterior acaden porcentaxes moi elevadas, variacións moi significativas en termos relativos.

- A comparación co ano 2019 amosa que son Navarra e Castela A Mancha os destinos que mellor capacidade de recuperación teñen no sentido de que se achegan máis aos valores previos á pandemia. Ambas superan en máis do 50% as cifras de hai dous anos. Estremadura marca tamén cifras importantes, conseguindo agora en maio a metade das noites de 2019, por diante de Aragón e Murcia. No lado contrario, e a pesar da intensidade da recuperación, continúan moi lonxe dos valores previos á crise Canarias e Baleares –rexistran menos do 20% da demanda daquel ano-.
- Galicia sitúase nunha posición intermedia cun nivel de resiliencia parello ao de Asturias e Madrid.
- No conxunto de España o resultado global é negativo, con descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 65%- coma do volume de noites –do 73% neste caso-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste quinto mes do ano a oitava posición representando o 3,0% do total de España. Cataluña é neste mes o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística regrada con pouco máis de 2,0 millóns de pernoctacións –o 18,9% do total-. Lidera o ranking estatal agora en maio logo de que en meses anteriores fose principalmente Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto do Estado.
- Logo de Cataluña sitúanse a continuación Andalucía –con preto de 1,8 millóns de noites-, a C. Valenciana –con preto de 1,4 millóns de pernoctacións-, Canarias e Baleares –ambas con máis de 1,1 millóns de noites- e Madrid –con xuntamente un millón de noites neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes a preto do 80% do total da demanda turística regrada do conxunto de España. Nun segundo grupo, por diante de Galicia, sitúase Castela e León con pouco máis de 400 mil noites.
- Despois de Galicia, con niveis do contorno das 260 mil noites, sitúanse Aragón e o País Vasco.
- Neste mes son por tanto os destinos do mediterráneo peninsular os que lideran o ranking de demanda turística a nivel estatal.
- A perspectiva en termos de peso cambia en función do período de referencia que tomemos para a comparación. Neste sentido, en relación ao pasado ano obsérvase que son xustamente os destinos insulares xunto con Cataluña as comunidades que non só presentan os incrementos relativos máis destacados senón tamén aqueles que gañan peso –en once puntos Cataluña e entorno a oito puntos Canarias e Baleares-. Recuperan unha pequena parte da cuota de mercado que perderon durante a pandemia. De feito si comparamos os ratios deste mes cos de 2019 obsérvase que xustamente Canarias e Baleares son os destinos que perden peso no ranking estatal, circunstancia que supón para as restantes comunidades reforzar a súa posición no conxunto do Estado.
- A perspectiva máis ampla, en relación ao 2019, mostra que son a C. Valenciana e Madrid os destinos que maior cuota de mercado gañan, isto é, os que obteñen un maior peso no conxunto do Estado –superando en tres puntos a ratio de hai dous anos-.


- A nosa comunidade sitúase nunha posición intermedia tanto no que respecta á evolución da demanda en termos relativos como na variación do seu peso: perde dous puntos respecto do pasado ano pero segue un punto por encima da cuota de 2019.
- Neste mes de maio o 87% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 68%- coma ás pensións –co 19% neste caso-. O 13% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6% da demanda total-, aos cámpings –co 3%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen preto do 4% restante neste caso-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Maio 2021



- Esta estrutura é característica dun período de temporada media-baixa e aseméllase en boa medida ao observado en abril, se ben neste ano, por mor do comportamento rexistrado a raíz da crise do Covid19 no que os turistas optaron en maior medida por modalidades non hoteleiras fronte aos hoteis e pensións, obsérvase un menor peso relativo do segmento hoteleiro e, paralelamente, un maior peso do ámbito extrahoteleiro. A diferenza non é en todo caso moi notable –en 2019 o peso do segmento hoteleiro situábase no 90% do total da demanda-.


Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. regrados. Maio 2021/19, por tipoloxías



- O comportamento da demanda neste quinto mes do ano é homoxéneo nas diferentes tipoloxías de aloxamento, no sentido de que en todas elas se superan obviamente, e de forma notoria, os niveis do pasado ano mais tamén todas elas fican aínda lonxe dos valores previos á pandemia.
- A comparativa cos niveis do pasado ano está parcialmente distorsionada pois para algunhas modalidades non hai datos de demanda en 2020. En calquera caso, para aquelas que si hai cifras obsérvanse incrementos que superan en máis do dobre do pasado ano nos apartamentos turísticos, e multiplican por máis de dez no segmento hoteleiro e en turismo rural.
- A pesar de que os niveis de demanda fican lonxe dos valores de 2019 o grao de recuperación non é parello nas diferentes tipoloxías. Neste sentido, tal como se viña observando nos meses anteriores, son os apartamentos turísticos e os cámpings as modalidades que mellor resistiron as consecuencias da crise e sitúanse máis preto das cifras previas á crise. Ambas rexistran agora entorno ao 60% da demanda de hai dous anos.
- Nas restantes tres tipoloxías o nivel de recuperación fica por debaixo do 50%, sendo algo mellor nas pensións –acadan o 42% do nivel de demanda de 2019- fronte aos hoteis e establecementos de turismo rural –modalidades que fican agora no contorno do 35% da demanda previa á crise-.
- Así pois, tal como se viña observando ao longo deste último ano, son as modalidades de menor volume e peso, e singularmente os apartamentos turísticos e cámpings, as que presentan un mellor comportamento en termos relativos. Consólidase dalgunha maneira o cambio de perfil da demanda por canto neste contexto de pandemia optan en maior medida por tipoloxías de aloxamento fóra do hoteleiro.
- A distancia cos niveis previos á crise vén como consecuencia basicamente dun menor volume de viaxeiros aloxados, en todas as tipoloxías consideradas, nun contexto no que ademais a estadia media ou se mantén relativamente estable –caso dos establecementos hoteleiros- ou descende –de forma suave nos cámpings e turismo rural e máis notoria nos apartamentos turísticos-.
- A lenta recuperación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes na xeración de case 300 mil novas pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que na súa maioría –case o 90%- corresponde aos establecementos hoteleiros. Nas restantes tres modalidades o incremento iguala ou supera as 10 mil noites.
- Con todo, a distancia respecto dos valores de 2019 sitúase por encima do medio millón de noites, sendo tamén neste caso moi superior no ámbito hoteleiro fronte ao observado nas modalidades extrahoteleiras. Aquí, por exemplo, nos cámpings a diferenza sitúase en tan só sete mil noites.
- A disparidade de comportamento nas diferentes tipoloxías é unha característica que tamén se observa noutras comunidades autónomas, se ben non coa mesma intensidade. Tomando as cifras globais obsérvase sempre mellor dinámica no ámbito extrahoteleiro fronte ao hoteleiro, con pequenas diferenzas en todo caso en destinos como Cantabria, Canarias e Baleares, e maior distancia en Madrid ou Cataluña –nestas dúas comunidades o nivel de recuperación da demanda é moi dispar e a diferenza sitúase entorno aos 40 puntos-. Por exemplo, en Madrid o nivel de demanda sitúase no 33% dos valores de 2019 no ámbito hoteleiro e ascende a case o 80% das cifras daquel ano no conxunto da oferta extrahoteleira.


- En maio o 88% da demanda turística regradada corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 12% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e apenas difiren das rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados -neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 90% e o do internacional no 10%-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regradada. Maio 2021




- Esta distribución mantense relativamente estable nos últimos meses, con forte peso do mercado nacional -no que gaña protagonismo o turismo interno- e perda de representatividade do mercado internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous segmentos de mercado por canto ambos superan os niveis do pasado ano pero fican aínda lonxe dos valores previos á crise.
- O turismo de ámbito nacional multiplica por 18 as cifras de maio do pasado ano rexistrando neste mes algo máis de 287 mil noites. Este dato fica aínda lonxe dos niveis habituais deste segmento en Galicia, e concretamente sitúase levemente por encima da metade da cifra de maio de 2019. Apréciase neste sentido un menor volume de viaxeiros aloxados mais tamén unha caída da estadía media deste segmento nacional -que se situaba en dúas noites antes da crise e agora fica no contorno de 1,8 noites-.
- O turismo internacional presenta un comportamento semellante por canto multiplica por máis de dez o nivel acadado o pasado ano pero fica aínda moi lonxe dos valores previos á crise. Con preto de 39 mil noites este segmento recupera apenas o 13% da demanda de maio de 2019 -cando conseguira achegarse ás 290 mil noites-.
- O mellor comportamento relativo do mercado nacional fronte ao internacional provoca un cambio na estrutura da demanda, se ben máis que un cambio o que se observa é un afianzamento do peso do turismo procedente do conxunto do Estado -este segmento gaña máis de vinte puntos de cuota de mercado, pasando de representar o 66% do total en maio de 2019 ao 88% actual-. O turismo internacional marca en paralelo un mínimo de peso no conxunto global cun 12% do total das noites -en 2019 supoñía o 34% do total-.

Fig. 5. Var. Int. Noites por procedencia e segmento do aloxamento. Maio 2021/19




- O mellor comportamento relativo do mercado nacional fronte ao internacional é unha característica que se observa tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro. O impacto da crise e, en consecuencia, o grao de resiliencia é maior no turismo de proximidade, ficando no contorno da metade da demanda de 2019 no segmento hoteleiro pero próximo ao 70% daquel ano no segmento extrahoteleiro.
- O mercado internacional amosa en cambio peor comportamento e maior homoxeneidade no sentido de que fica moi lonxe dos niveis previos á crise tanto no ámbito hoteleiro coma no extrahoteleiro –en ambos apenas recupera o 13% da demanda de 2019-.
- As dinámicas non teñen por tanto a mesma dirección nin magnitude pero tampouco a mesma explicación. A situación actual da pandemia ten consecuencias dispares para os dous segmentos, pois afecta ao mercado en orixe no caso do turismo internacional –obriga de cuarentena á volta da viaxe, restricións de mobilidade,..- mais no caso do segmento nacional o que se observa é un incremento das viaxes internas e un cambio de preferencias optando principalmente por modalidades como os apartamentos turísticos ou mesmo o aloxamento en turismo rural fronte aos hoteis –dentro do conxunto dos aloxamentos que aquí se analizan-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase preto de 1,9 noites, cifra bastante semellante á que se observaba en 2019 cando superaba en dúas décimas a cifra de 1,8 noites. A serie da estadía media do mes de maio rómpese totalmente o pasado ano por mor de diversos factores asociados á pandemia, superando naquel momento as catro noites –cifra nada usual que responde a un contexto totalmente diferente ao habitual na nosa comunidade e que, en consecuencia, non serve a efectos comparativos-.
- As cifras de estadía media varían entre as diferentes tipoloxías. Agora neste mes o valor máis elevado corresponde ás pensións e aos apartamentos turísticos, que rexistran unha media de 2,5 noites. As restantes tres modalidades fican por debaixo das dúas noites, con pequenas diferenzas entre elas: 1,9 noites nos cámpings, 1,7 noites nos hoteis e preto de 1,5 noites nos establecementos de turismo rural.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Maio 2021



- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes tipoloxías no sentido de que mellora levemente no ámbito hoteleiro –supera nun 3% a cifra de 2019- mais descende no segmento extrahoteleiro –de forma suave nos cámpings e turismo rural e máis notoria nos apartamentos turísticos, que rexistran un empeoramento do 26% respecto do valor de 2019-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas. Canarias, con algo máis de 4,1 noites, marca o valor máis elevado en maio –circunstancia que acontece en todos os meses agás en febreiro, que se sitúa por detrás da C. Valenciana-. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,7 noites. Esta, xunto con Castela León e Castela A Mancha, son os destinos que rexistran valores máis baixos que Galicia.
- En termos dinámicos a estadía media descende en todas as comunidades autónomas en relación ao pasado ano mais varía de forma dispar en comparación cos niveis previos á crise. Dunha banda sobe e mellora en sete delas -con Navarra á cabeza pois supera nun 17% a cifra de 2019-, mantense estable en Asturias e descende nas nove restantes con caídas de diversa intensidade – máis suave en Estremadura e o País Vasco, e máis acusada en Canarias, cunha perda do 37%-.
- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica global é parella ao observado do lado da demanda no sentido de que mellora con carácter xeral respecto dos valores do pasado ano mais fica lonxe das porcentaxes que se rexistraran antes da crise.
- As diferenzas son máis notorias no ámbito hoteleiro, onde a ocupación nos hoteis por exemplo sitúase a 20 puntos da cifra de 2019, ou nas pensións cunha diferenza próxima aos 14 puntos. No ámbito extrahoteleiro as distancias son menores, do contorno dos 8-9 puntos nos apartamentos turísticos e en turismo rural e de menos de dous puntos nos cámpings –con diferenza é a tipoloxía que maior nivel de recuperación ten respecto das cifras previas á crise-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Maio 2021



- A pesar do forte descenso os hoteis marcan neste mes o nivel de ocupación máis alto do conxunto da oferta regrada cun 22,9% de media. Sitúanse a distancia das restantes modalidades que fican por debaixo do 15%.
- As pensións e apartamentos turísticos rexistran unha ocupación media por encima do 14%, o cámpings un 12,6% mentres que os establecementos de turismo rural marca a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento cun 8,3% de media neste mes.